

A publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias a cada un dos suxeitos pasivos.

Láncara a 13 de novembro de 2014. O ALCALDE, Eladio Capón López

R. 4631

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local nº 21/842 do día 19 de novembro de 2014 aprobáronse as **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA”**.

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descripción do obxecto:** O obxecto do procedemento é o outorgamento da concesión do uso privativo do campo municipal de fútbol “José Carballido Cereda”.

b) **Prazo de duración da ocupación:** A concesión terá unha vixencia de 10 anos, dende a formalización da concesión en documento administrativo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto.

4.- **Contraprestacións:** A presente utilización privativa de dominio público conleva unha serie de contraprestacións que implica unha serie de obrigas por parte do concesionario en tarefas de mantemento e limpeza, non procedendo o aboamento de ningunha taxa nin canon algúns pola súa utilización.

5.- Garantías:

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** 25.000 €.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3^a planta

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Perfil do Contratante, no apartado “Outros”).

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases que rexen o procedemento.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de TRINTA DÍAS HÁBILES contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena das bases que rexen o procedemento.

c) **Lugar de presentación:**

1^a) **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou na forma indicada no artigo 38 da LRXPAC

2^a) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3^a) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3^a planta.

c) **Localidade:** Lugo

d) Data: Ó segundo día natural posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacóns: As que se recollen nas bases que rexen o procedemento.

Lugo, 26 de novembro de 2014 A 8^a TENENTA DE ALCALDE, por suplencia da CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN. Asdo.: Rosana Rielo Rozas

R. 4682

Anuncio

FORMALIZACION DE CONTRATO

En cumprimento do dispuesto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a)Descripción do obxecto: É obxecto do presente contrato a prestación dos servizos de vixilancia no Parque da Milagrosa na cidade de Lugo.

b) Prazo de execución: DOUS ANOS contados a partires da acta de inicio

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado total do contrato que inclúe o valor estimado de cada un dos lotes -2 lotes- (o importe total de cada un excluído o IVE e tendo en conta as posibles prórrogas ascende a 982.006,72 euros.

O prezo do contrato para a primeira anualidade ascende á cantidad de 150.586,03 euros, más o IVE 21% (31.623,07 euros), resultando un presuposto total para a primeira anualidade de 182.209,10 euros.

5.- Adxudicación Lote 2

a) Data: 21/10/2014

b) Contratista: VIGILANCIA INTEGRADA, S.A.

c) Nacionalidade: Española

d) Orzamento máximo do contrato: 175.149,48 €

8.- Data de Formalizacion Lote 2: 14/11/2014

Lugo, 18 de novembro de 2014 O ALCALDE, P.D. A OITAVA TENENTE DE ALCALDE POR SUPLENCIA DA TITULAR DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN. Asdo: Rosana Rielo Rozas

R. 4681

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publicícase notificación de acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 DE NOVEMBRO de 2014 en relación a ARQUIVO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA DE VENDA DE PRODUTOS DE PELUQUERÍA E ESTÉTICA , ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido por dúas veces, feito do que se ten constancia no expediente:

“ 2.-LICENZAS E AUTORIZACIÓNNS

C) LICENZAS DE ACTIVIDADE

C3. ARQUIVO EXPEDIENTE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA DE VENDA DE PRODUTOS DE PELUQUERÍA E ESTÉTICA NA RÚA COMERCIO NÚM. 25 BAIXO POR DESESTIMENTO DA SOLICITANTE D^a MARI LUZ VARELA DA SILVA

Examinado o expediente e visto o informe emitidos pola Técnico de Administración Xeral de data 11 de novembro de 2014 , a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

Primeiro. Declarar o desestimento da solicitante da solicitude de CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA DE VENDA DE PRODUCTOS DE PELUQUERIA E ESTÉTICA NA RUA COMERCIO Nº 25 BAIXO , DONA